

CONTRATO ELECTRÓNICO REGULADOR DOS DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS SOLICITANTES DE PRAZA NAS ACCIÓNS FORMATIVAS ORGANIZADAS POLA CIG-ENSINO e a AS-PG

Dunha banda:

A **persoa interesada**, maior de idade, cuxos datos persoais, académicos e identificativos se rexistrarán no rexistro interno denominado CIG FORMACIÓN do sitio web <https://formacion.cig-ensino.gal>. En adiante **A/O SOLICITANTE DE PRAZA** e/ou **USUARIO/O**.

Da outra:

A **Confederación Intersindical Galega (CIG)**, con CIF G36706927 e con enderezo social na cidade de Santiago de Compostela, Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10 (CP 15705) do concello de Santiago de Compostela, correo-e: (formación@cig-ensino.gal). Teléfono: 981576800. En adiante: **A PRESTADORA DO SERVIZO**.

A **Asociación Socio Pedagóxica Galega (AS-PG)**, con CIF G15154297 e con enderezo social na cidade da Coruña, Rúa Laracha nº 9-baixo (CP 15010) do concello da Coruña, correo electrónico (informacion@as-pg.gal). Teléfono: 981278259. En adiante: **A PRESTADORA DO SERVIZO**.

Ambas partes, recoñecéndose capacidade legal suficiente, ACORDAN subscribir este CONTRATO REGULADOR, ao abeiro das seguintes

ESTIPULACIÓNS

1. OBXECTO DO CONTRATO:

O obxecto do presente contrato consiste en regular os dereitos e obrigas das/dos solicitantes de praza en calquera dos cursos e/ou accións formativas organizados pola Confederación Intersindical Galega e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, en base ao Convenio de Colaboración suscrito por ambas entidades.

2. DATA DE INICIO E DURACIÓN DO CONTRATO:

A relación contractual entre o/a solicitante de praza e as prestadoras do servizo, nace dende o momento no que o/a primeiro/a procede a asinar este contrato, electronicamente, rexistrándose e dándose de alta en liña no sistema web aloxado ao efecto no sitio web <https://formacion.cig-ensino.gal>, ou dende o momento no que a/o primeira/o procede a asinar a ficha contractual de solicitude de praza, en papel.

A persoa interesada, unha vez suscrito este contrato, acepta o cumprimento da totalidade das súas estipulacións e ten dereito a obter unha copia do mesmo.

O contrato ten un período de duración de TRES (3) MESES NATURAIS, a partir da data na que a/o interesada/o acepta; prorrogándose, automaticamente, por períodos temporais iguais ao inicial, de non mediar denuncia escrita dalgunha das partes, con 15 días de antelación ao seu vencemento.

3. DEREITOS E OBRIGAS XERAIS DEDUCIDOS DO CONTRATO:

I.- A solicitude de praza

A/O interesada/o en participar nalgunha das acción formativas do Programa Formativo da PRESTADORA DO SERVIZO, debe formular solicitude de praza na acción publicada que lle interese, por medio da cumprimentación do formulario disposto a tal efecto, ben electronicamente na web <https://formacion.cig-ensino.gal> ben en papel en calquera Delegación e/ou Centro da CIG ou da AS-PG. A aceptación contrato electrónico confiren ás prestadoras do servizo e ao seu persoal habilitado poder suficiente para dar de alta nos rexistros das plataformas <https://formacion.cig-ensino.gal> os datos de carácter persoal, profesional e académico que o solicitante subministre ás entidades por medio de tais documentos. Tras a solicitude de praza a/o interesada/o recibirá, no correo electrónico consignado na súa solicitude, o acuse de recibo das prestadoras do servizo relativo á solicitude realizada.

II.- Dereitos e obrigas derivados da solicitude de praza:

A/O solicitante de praza, nalgunha das acción formativas do programa formativo das prestadoras do servizo, tras aceptar este contrato, adquire o compromiso de cumprir, de boa fé e diligentemente, con todas as obrigas derivadas do mesmo. En especial, obrígase a ter permanentemente actualizados os seus datos persoais, profesionais, académicos e correo electrónico. A/O solicitante de praza, nalgunha das acción formativas do programa formativo, ten dereito a ser chamado para recibir a formación requirida cando as prestadoras do servizo dispoñan de solicitudes suficientes para impartir a acción formativa solicitada, con criterios de viabilidade económica e calidade pedagóxica. Os chamamentos para participar en acción formativas faranse consonte cos procedimentos e instrucións internas das prestadoras do servizo. A non selección para participar nunha acción formativa, por calquera causa admisíbel en dereito, disposta polas normas do programa e/ou da entidade organizadora, non xerará ningunha responsabilidade para a entidade ou para terceiros, nin dereito de resarcimento e/ou compensación para a/o solicitante de praza. O rexeitamento, pola/o solicitante, a participar na acción formativa para a que solicitou praza será causa de exclusión da demanda presentada, nesa acción formativa. A falta de comunicación ou non actualización dalgún dato persoal, profesional, académico ou o impagamento do prezo da acción formativa, exige completamente as prestadoras do servizo e as entidades por ela subcontratadas de toda responsabilidade, en relación coas consecuencias dese incumprimento para a viabilidade dos servizos pactados. A duración e vixencia do programa formativo será a que as prestadoras do servizo determinen, en función da rendibilidade e viabilidade do proxecto. Cancelado e/ou suspendido o programa formativo, as prestadoras do servizo ficarán autorizadas a extinguir, suspender e/ou modificar (excluir ou incluír), tanto as solicitudes de praza formuladas, como as propias accións publicadas no programa formativo. En consecuencia, as prestadoras do servizo terán dereito a dar a baixa da/s solicitude/s de praza, por cancelación e/ou suspensión do programa, ou a mantelas de alta, transferindo tais demandas de praza ao mesmo ou a outros programas formativos homologábeis. Os/as solicitantes de praza terán dereito a manter a súa solicitude, mentres estea vixente o programa formativo e non sexan seleccionados para participar na acción formativa elixida; extinguíndose tal dereito ao ficaren seleccionados/as.

4. MECÁNICA DE FUNCIONAMENTO DAS CONVOCATORIAS DO PROGRAMA FORMATIVO

A decisión de inicio de acción formativas corresponde ás prestadoras do servizo, de acordo coa planificación da execución aprobada polos seus órganos de dirección. As estruturas de xestión das prestadoras do servizo, consonte cos seus procedementos internos disporán os medios precisos para que a tramitación e xestión da solicitude de praza, así como matriculación, organización, pagamento e execución da acción formativa elixida pola/o solicitante se realicen electronicamente pola web.

5. BOLSAS, AXUDAS E DESCONTOS DO PROGRAMA FORMATIVO

De ser o caso, en cada acción formativa, os órganos de dirección das prestadoras do servizo publicarán, actualizarán, modificarán ou cancelarán a oferta de bolsas, axudas e/ou descontos para participantes no programa formativo, informando no apartado correspondente do sitio web.

6. PREZO E PAGAMENTO DOS SERVIZOS NO CASO DE SER CHAMADA/O PARA RECIBIR UN CURSO OU ACCIÓN FORMATIVA

A tramitación e xestión da solicitude de praza no programa formativo, regulada por este contrato, é gratuíta. As/os usuarias/os do sitio web <https://formacion.cig-ensino.gal> que soliciten praza para participar na/s acción/s formativas do programa formativo para docentes do ensino, non ficarán obrigadas/os ao pagamento de custe algún, mentres non se confirme, polos órganos de dirección das prestadoras do servizo, a execución das accións formativas demandadas e se preste aceptación expresa, polo/s solicitante/s de praza.

Pagamento

No caso de que a persoa solicitante fose escollida para participar na acción formativa solicitada estará obrigada a pagar o prezo na cantidade e forma de pagamento indicadas nas tarifas publicadas polas prestadoras do servizo no formulario de pagamento de cada acción formativa.

Para efectuar o pagamento da matrícula do curso, a/o usuaria/o será redirixido a través dunha conexión segura, proporcionada por unha entidade bancaria nacional na que deberá introducir os seus datos de tarxeta de e aceptar a operación.

Posteriormente, a/o usuaria/o recibirá unha resposta por parte da entidade bancaria, informando se a petición de autenticación é aceptada ou denegada. O cargo na conta da/o usuaria/o efectuarase se a petición é aceptada.

No caso de erros ou posibles duplicidades de pagamento, unha vez confirmado o erro, as prestadoras do servizo comprométense á devolución íntegra do importe cargado por erro.

No caso de que a acción formativa se tivese que cancelar por causas alleas á organización, as prestadoras do servizo comprométense á devolución íntegra do importe do pagamento efectuado.

Dereito a desistir

A/O usuaria/o terá a posibilidade de renunciar á merca efectuada e solicitar a devolución do importe pagado, dentro dun prazo de 14 días desde a data de pagamento da acción formativa, sempre que a/o usuaria/o non accedese á plataforma en liña e iniciado sesión na acción formativa.

7. DEREITO DE INFORMACIÓN SOBRE INSCRIPCIÓN, REXISTRO, TRATAMENTO E CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Información Básica sobre Protección de Datos:

Responsable	Confederación Intersindical Galega (CIG)
Finalidade	Formalización da súa solicitude de participación nas accións formativas nas que a/o solicitante está interesado/a, e no caso de ser seleccionada/o, participar na acción formativa.
Lexitimación	Consentimento da/o interesada/o
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none"> • A CIG Ensino e AS-PG en calidade de prestadoras do servizo. • A fundación forGA en calidade de soporte e servizo técnico das ferramentas software precisas para prestar o servizo. Máis información: https://forga.gal/politica-proteccion-de-datos.html • Á XUNTA DE GALIZA, AO GOBERNO CENTRAL OU A CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN ou EMPRESA PÚBLICA GALEGA, ESPAÑOLA OU EUROPEA competente e responsábel da regulación da acción formativa na que participe a/o alumna/o; autorizándoa, en aplicación do establecido na lexislación vixente, a comprobar a veracidade dos datos achegados. • A EMPRESA SUBCONTRATADA PARA OS SERVIZOS DE HOSPEDAXE WEB do sitio https://formacion.cig-ensino.gal En calidade de provedora do servizo de hosting e backup. Máis información: https://gl.dinahosting.com/legal/aviso-legal
Dereitos	Acceso, rectificar e suprimir os datos, así coma outros dereitos, como se explica e detalla na información adicional.
Información adicional	Pode acceder os formularios para exercer os seus dereitos así como consultar a información adicional e detallada sobre a política de protección de datos na seguinte URL da nosa web: https://cig.gal/politica-proteccion-de-datos.html

A/O solicitante de praza das accións formativas organizadas polas prestadoras do servizo, e a través da aceptación deste contrato, fica informada/o de que todos os datos requiridos, nos distintos apartados da plataforma <https://formacion.cig-ensino.gal>, son precisos para a formalización da súa solicitude de participación nas accións formativas que lle interesen, así como para obter os beneficios derivados do resto dos servizos prestados por tal plataforma.

8. NORMATIVA XERAL DE APLICACIÓN Á RELACIÓN CONTRACTUAL. DEREITO Á RESCISIÓN DO CONTRATO

Esta relación contractual réxese pola lexislación vixente en materia de servizos da información e comercio electrónico, polo Código Civil e, no seu caso, polo Código de Comercio, así como tanto a lexislación europea como nacional en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se somete de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste contrato, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Calquera das dúas partes poderá rescindir este contrato, sen dereito a indemnización ou resarcimento ningún, con só comunicalo por escrito a outra parte cunha antelación mínima de 15 días á data da extinción contractual decidida.

9. SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS E XURISDICIÓN

A solución das discrepancias que puidesen xurdir, como consecuencia do vigor deste contrato, sométese á xurisdición dos tribunais da cidade de Santiago de Compostela; sendo preceptivo, antes da interposición de calquera acción procesual, o intento documentado de acordo e, posterior, reclamación previa ante calquera das entidades prestadoras do servizo.

Na Galiza, na data de alta no sitio web <https://formacion.cig-ensino.gal>